

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN EMPRESA UNIVERSIDADE GALEGA (FEUGA) PARA A PROMOCIÓN, CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO E O IMPULSO DA MARCA GALICIA COMO ACTIVO PARA A I+D+i

Santiago de Compostela, a 27 de febreiro de 2026

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado para este cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril de 2024 (DOG núm. 73, do 14.04.2024), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas leis 11/1988 de 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007 do 27 de xullo, e polo Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2022), e presidente da Axencia Galega de Innovación, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, Don Francisco Javier Pereiro Pérez, maior de idade, provisto do NIF 36.112.040Q, en nome e representación e na súa calidade de director xeral da Fundación Empresa-Universidade Galega (en diante FEUGA), con CIF G15051667 e domicilio na rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, 15705, Santiago de Compostela, con poder suficiente segundo resulta de escritura pública número 963 outorgada o 19 de outubro de 2009 ante a Notaria do Ilustre Colexio de Galicia, con residencia en Ferrol, dona Susana Ortega Fernández.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica creada polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, ao amparo da autorización prevista na disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de setembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

De acordo cos seus estatutos, a Axencia Galega de Innovación ten como finalidade definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

Para a consecución dos seus obxectivos, e de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, a Axencia Galega de Innovación poderá colaborar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións e con entes do sector privado, a través dos correspondentes convenios.

A creación de FEUGA respondeu a unha iniciativa dos máis sobresaíntes axentes públicos e privados da comunidade, establecéndose como fins de interese xeral desta entidade a investigación e formación científica e técnica e o desenvolvemento da sociedade e a economía de Galicia. FEUGA institúese como fundación de interese universitario no ano 1982, ao amparo do Decreto 293/72, de 21 de xullo e é recoñecida como fundación de interese cultural pola Orde do 1 de agosto de 1984 (DOG núm. 206, do 26 de outubro), estando inscrita no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia co núm. 155.

FEUGA é unha entidade sen ánimo de lucro e de dereito privado, especializada na transferencia de coñecemento, innovación e tecnoloxía desde o Sistema Universitario de Galicia (SUG) ao mundo empresarial e á sociedade en xeral.

A súa misión é achegar o talento e o saber científico e técnico xerado polos grupos de investigación universitarios ao mercado, para favorecer o emprendemento, a xeración de emprego, a competitividade do tecido produtivo e o dinamismo do sistema rexional de I+D+i.

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración de FEUGA. Os seus membros fundadores son as tres universidades galegas e as máis prestixiosas institucións públicas e empresas privadas de Galicia.

II. A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia recolle no seu artigo 2, entre os seus fins fundamentais, favorecer a internacionalización da investigación científica, do desenvolvemento tecnolóxico e da innovación e apoiar o desenvolvemento en Galicia dunha contorna social e institucional favorable á investigación, tanto básica como aplicada, á innovación e ás empresas innovadoras.

III. Con data 8 de abril de 2022 o Consello da Xunta de Galicia adopta o acordo mediante o cal se aproba a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación da Comunidade Autónoma neste período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e sociedade galegas. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra, reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

As accións contempladas no presente convenio enmárcanse na RIS3 de Galicia 2021-2027 e alíñanse cos seus tres retos e tres prioridades. Teñen como obxectivos estratéxicos apoiar o desenvolvemento das capacidades das persoas (obxectivo estratéxico 4) e impulsar o posicionamento de Galicia en I+D+i a nivel nacional, europeo e internacional (obxectivo estratéxico 5), integrándose, polo tanto, nos programas Persoas e talento e Posiciona da RIS3 de Galicia 2021-2027 e nos programas Talento e Posicionamento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

IV. FEUGA acumula máis de 40 anos de historia nos que logrou consolidarse como unha organización de referencia no ámbito do talento, a formación, a innovación e o emprendemento, actuando como catalizador para estreitar vínculos e promover a transferencia de coñecemento e a innovación entre as universidades, a industria e a sociedade en xeral.

É un interlocutor e colaborador clave da administración rexional, ao representar os intereses das tres universidades galegas, e un axente cohesionador do ecosistema de I+D+i que conta coa fiabilidade e a experiencia imprescindibles para colaborar coa Axencia Galega de Innovación na implementación da súa estratexia de atracción de talento internacional, ámbito especialmente sensible para entidades e investigadores.

FEUGA achega a esta colaboración un profundo coñecemento do ecosistema galego de investigación e innovación e dos seus axentes, así como da carreira investigadora e das oportunidades de desenvolvemento profesional deste colectivo; e conta con experiencia específica en internacionalización e en materia de promoción e captación de financiamento europeo da I+D+i.

Tamén participa en iniciativas autonómicas estratéxicas como a Rede CIGUS, unha superestrutura promovida pola Xunta de Galicia que aglutina aos 10 centros de investigación cuxa excelencia foi oficialmente recoñecida a través de procesos de avaliación externa e na que se integran a práctica totalidade dos investigadores ERC do sistema. Cabe destacar, ademais, que a actividade que realiza FEUGA para a Rede CIGUS ven de ser avalada recentemente pola consecución dunha axuda MSCA COFUND que exemplifica claramente o seu bo facer e a súa dilatada experiencia á hora de promover a colaboración entre as universidades, os seus centros e a administración na captación de talento internacional.

Igualmente FEUGA brinda apoio aos axentes do ecosistema durante todo o proceso de innovación en convocatorias nacionais e autonómicas de proxectos de I+D e realiza unha actividade continuada de apoio á internacionalización e ao posicionamento de Galicia en Europa promovendo a participación de grupos de investigación do SUG en proxectos europeos de I+D+i. Tamén impulsa a

transferencia de novos desenvolvementos tecnolóxicos á industria e da soporte ao ecosistema de emprendemento; e conta cunha participación activa en órganos consultivos, plataformas tecnolóxicas e redes nacionais e internacionais que reforzan o seu papel estratéxico para Galicia e para este convenio.

Por último cabe sinalar que FEUGA conta cun equipo técnico amplo e multidisciplinar especializado e cunha dilatada experiencia nos ámbitos anteriormente descritos, o que o convirten nun aliado idóneo para o cumprimento dos obxectivos desta colaboración.

VI. A Axencia Galega de Innovación considera de interese público o aproveitamento dos coñecementos e a experiencia de FEUGA, de xeito que a unión das sinerxías de ambas as dúas partes permita acadar os obxectivos relativos a:

- Crear un entorno favorable á captación, retención, retorno e desenvolvemento de talento que sitúe ás persoas como activo principal e poña en valor a ciencia na abordaxe das prioridades de especialización de Galicia.
- Impulsar a marca Galicia como activo para a I+D+i a nivel internacional para mellorar o posicionamento global da nosa rexión e favorecer a atracción de talento.
- Fortalecer o ecosistema de I+D+i rexional mediante o impulso da colaboración ciencia – empresa e a divulgación de actuacións estratéxicas neste ámbito, orientadas a favorecer a inserción laboral, fomentar a transferencia de coñecemento e aumentar a competitividade do tecido produtivo.

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto e obxectivos do convenio.

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre as partes para a realización das actuacións previstas nas seguintes accións:

A. PROGRAMA OPORTUNIUS

O Programa Oportunius é unha iniciativa promovida pola Xunta de Galicia, coa colaboración do Sistema Universitario Galego (SUG) e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), que ten como obxectivo fortalecer o sistema

científico de Galicia a través da xeración, retorno, retención e captación de talento científico de excelencia.

Concretamente, este programa ofrece oportunidades a persoal investigador excelente que queira desenvolver a súa carreira científica en Galicia reforzando as opcións de acceso e os beneficios asociados ás axudas do European Research Council – ERC. Este organismo da Unión Europea financia proxectos de investigación innovadores e de vangarda en calquera área de coñecemento liderados por investigadores de alto nivel, sendo estes proxectos o principal indicador do nivel de excelencia científica dun centro, rexión ou país.

Actualmente o Programa Oportunius é unha iniciativa consolidada no sistema científico de Galicia que se encontra nunha fase de evolución estratéxica orientada a ampliar o seu impacto tanto na xeración, retorno, retención e captación de talento excelente, como na conversión dos resultados dos proxectos do ERC en innovacións que repercutan no progreso económico e social de Galicia (xerando tecido empresarial intensivo en coñecemento, creando emprego en I+D, atraendo inversión privada en I+D, etc.).

Esta colaboración, orientada a facilitar a evolución e a aumentar o alcance e impacto do Programa, ten por obxectivo principal a mellora da eficiencia da xestión pública unindo os esforzos de ambos colaboradores, así como o aproveitamento dos coñecementos, a experiencia, os recursos e medios de FEUGA na consecución do fin común.

Nesta liña de actuación inclúense as seguintes accións que teñen como fin o alcance dos obxectivos compartidos:

- O deseño, organización e implementación de accións de difusión, sensibilización e divulgación das convocatorias do ERC e do Programa Oportunius.
- O deseño de itinerarios de carreira de investigación excelentes que avancen en primeira instancia cara o ERC e máis aló del, cara o EIC.



- O deseño, organización e implementación de formación, así como a revisión de propostas e o asesoramento para candidatos ás convocatorias do ERC nas súas distintas modalidades.
- O apoio á preparación de entrevistas para persoal investigador que acceda á última fase de avaliación das convocatorias ao ERC.
- O deseño, organización e implementación de formación para xestores de proxectos internacionais e perfís de supervisión das entidades do ecosistema de I+D+i dirixidos a mellorar a identificación e o apoio que prestan ás candidaturas ao ERC.
- O deseño, organización e implementación de formación e asesoramento, enmarcados no Programa Oportunius, enfocados na convocatoria Marie Sklodowska Curie – Postdoctoral Fellowships como vía para a atracción de persoal investigador con potencial para candidatar no futuro ao ERC.
- O asesoramento para a definición de estratexias de valorización de resultados de proxectos do ERC, enfocadas á preparación de proxectos Proof of Concept deste mesmo organismo.
- O deseño, organización e implementación de formación e, no seu caso, de asesoramento para o instrumento Transition do European Innovation Council, que financia proxectos de valorización e transferencia de coñecemento de alto impacto. A incorporación do Transition a Oportunius representa unha evolución natural do Programa orientada a dar continuidade aos actuais proxectos do ERC cos que conta Galicia estendendo o seu radio de acción e impacto ata proxectos de innovación disruptiva.
- A identificación de candidatos ás convocatorias anteriormente mencionadas, así como a selección de participantes nas distintas actividades de apoio que ofrece o Programa Oportunius.
- A mellora continua do programa Oportunius con base nos resultados da avaliación das súas actividades e nas necesidades identificadas.

- A compilación e explotación de datos e a elaboración de informes, notas técnicas e contidos comunicativos.

Cabe sinalar que estas accións responden ás necesidades e oportunidades identificadas e definidas con e polas entidades do ecosistema e que a colaboración que plantexa este convenio permitiría á Axencia Galega de Innovación aproveitar a dilatada experiencia e longa traxectoria de FEUGA en materia de formación, desenvolvemento de talento en I+D+i e internacionalización para acadar os obxectivos propostos.

B. PROMOCIÓN INTERNACIONAL E COLABORACIÓN UNIVERSIDADE - EMPRESA

A promoción e a colaboración internacionais son pezas claves para fortalecer o posicionamento global dunha rexión e desenvolver e mellorar a súa I+D+i. Estas actividades facilitan o acceso a coñecementos avanzados e a tecnoloxías emerxentes, reforzan as capacidades locais mediante a transferencia de talento e recursos, xeran sinerxías entre institucións e empresas de distintos países, e abren oportunidades de financiamento e participación en proxectos conxuntos, incrementando a competitividade, a innovación e o impacto socioeconómico da rexión no contexto global.

Pero o fortalecemento da I+D+i require tamén de actuacións estratéxicas no eido local dirixidas a favorecer a mobilidade, a inserción laboral e a transferencia de coñecemento desde o ámbito da investigación ao tecido produtivo.

Esta acción do convenio busca reforzar o ecosistema de I+D+i rexional mediante:

- A consolidación e posicionamento dunha marca Galicia atractiva a nivel internacional que facilite a captación de talento e a colaboración institucional en termos académicos, de mobilidade, transferencia de coñecemento e integración en redes e consorcios.
- O fomento da colaboración universidade – empresa que favoreza o desenvolvemento de talento investigador e a súa empregabilidade no contexto empresarial, así como o impulso da innovación no tecido produtivo.

Nesta actuación inclúense as seguintes accións que teñen como fin o alcance dos obxectivos compartidos:

- A participación en eventos internacionais (sempre que sexa posible cos axentes do ecosistema) para proxectar a rexión, xerar relacións con outras institucións e visibilizar as capacidades científicas e as oportunidades para desenvolver unha carreira científica ou de I+D+i en Galicia.
- A identificación e contacto con entidades internacionais de interese e a celebración de acordos para a realización de actuacións conxuntas mutuamente beneficiosas.
- A organización de misións a Galicia para situar o territorio no mapa científico, favorecer o intercambio de coñecementos e boas prácticas, fortalecer as relacións e xerar colaboracións, impulsar a I+D+i e fomentar axentes prescritores.
- A realización de campañas de comunicación e organización de eventos propios para dar visibilidade ás principais iniciativas de talento e colaboración universidade – empresa promovidas pola Xunta de Galicia.
- A elaboración, mantemento, actualización e difusión de soportes comunicativos como webs (inclúese a posta en marcha da web Galicia Talent Hub), materiais audiovisuais e folletos, así coma actuacións de apoio á acollida.
- A compilación e explotación de datos e a elaboración de informes, notas técnicas e contidos comunicativos.

Para o desenvolvemento destas accións a actuación conxunta e complementaria de FEUGA e da Axencia Galega de Innovación resulta especialmente crítica xa que FEUGA achega a interlocución e representatividade dos axentes do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e unha intensa actividade de colaboración co entorno empresarial, mentres GAIN contribúe co seu coñecemento e interacción coa Administración Pública e as entidades de I+D+i que non son do SUG (CSIC, centros tecnolóxicos e OPIS da Xunta). Ademais ambas entidades contan cunha ampla rede

de contactos a todos os niveis, participan en eventos nacionais e internacionais que poden visibilizar as oportunidades que ofrece o noso ecosistema e dispoñen dunha ampla traxectoria de colaboración co tecido produtivo o que xerará efectos sinérxicos que favorecerán o posicionamento de Galicia no ámbito europeo, a atracción de talento de I+D+i do exterior e o desenvolvemento do talento interno.

SEGUNDA.-Actividades a desenvolver pola Axencia Galega de Innovación.

A participación da Axencia Galega de innovación consistirá nas seguintes actividades:

- Publicación, comunicación e difusión das accións obxecto do Convenio, de mutuo acordo con FEUGA.
- Colaboración no deseño, seguimento e avaliación das distintas actividades do convenio e nos procesos de identificación, dinamización e selección de candidatos para acceder a elas co apoio de FEUGA. O proceso de selección destes participantes desenvolverase en réxime de concorrencia competitiva, garantindo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- A interlocución con axentes e entidades públicas e a coordinación, xunto con FEUGA, das actuacións de promoción internacional e captación e desenvolvemento de talento do ecosistema galego de I+D+i.
- A coordinación da administración pública galega con competencias nos ámbitos de traballo deste convenio (educación, investigación, innovación, internacionalización, etc.) para xerar sinerxías que conduzan a un mellor aproveitamento do gasto público e a unha mellor eficiencia das actuacións que se realicen.

TERCEIRA.- Actividades a desenvolver por FEUGA.

A participación de FEUGA circunscríbese á organización e ao desenvolvemento das actividades amparadas polo convenio, así como ao posterior seguimento das mesmas.

FEUGA achegará os recursos humanos e medios necesarios para a adecuada execución das actividades e o cumprimento dos obxectivos do convenio.

Tamén se compromete a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración das actuacións obxecto do convenio no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTA.- Financiamento.

A Axencia Galega de Innovación compensará a FEUGA polos custos xerados con posterioridade á data de sinatura do presente convenio, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, e segundo as anualidades e importes máximos seguintes:

Aplicación orzamentaria	Código de proyecto	Anualidade	
		2026	2027
07.A2.561A.640.0	2016 00004	914.925 €	925.095 €
Total		1.840.020 €	

A participación de FEUGA no acordo non xerará dereito a remuneración algunha, sen prexuízo do abono e compensación dos gastos en que incorra, condicionadas á xustificación dos gastos efectivamente incorridos e acreditados.

Este expediente tramítase como anticipado de gasto, e a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, de acordo coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 (DOG núm. 34, do 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001. En todo caso, a disposición ou compromiso de gastos quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste.

Nos importes indicados, entenderase incluído o IVE.

A desagregación dos indicados custos recóllese no anexo II deste convenio.

Para que se abonen os devanditos importes, FEUGA presentará, nos termos e condicións recollidos a tal efecto no anexo I do presente convenio, en cada unha das anualidades previstas, facturas trimestrais, sendo necesario que a presentación da factura, e restante documentación que a acompañe, teña lugar dentro dos dez primeiros días do mes seguinte.

Con relación á facturación do último trimestre de cada unha das anualidades, a factura e restante documentación deberá ser presentada, como máximo, o 20 de decembro.

Na anualidade 2027 poderán incluírse os gastos soportados e pagados dende o 21 de decembro da anualidade inmediatamente anterior.

O citado abono terá lugar tras a validación, por parte da Axencia Galega de Innovación, das facturas e demais documentación presentada.

QUINTA.- Incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos polas partes.

No caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos.

Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

SEXTA.- Vixencia.

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento do convenio.

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento, en todo caso de composición mixta. Esta comisión estará integrada por:

- 3 membros por parte da Axencia Galega de Innovación, que serán designados pola directora da Axencia Galega de Innovación. Un dos membros actuará en condición de presidente/a e outro dos membros actuará como secretario/a, con voz pero sen voto.
- 2 membros por parte de FEUGA.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. Ademais, será función da Comisión de Seguimento emitir informe sobre a proposta de redistribución dos fondos por anualidades e accións.

A Comisión reunirse cantas veces sexa solicitado por algún dos seus membros e, en todo caso, unha vez ao ano, previa convocatoria.

En canto á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos, a citada Comisión rexerese pola normativa vixente en materia de órganos colexiados,

contemplada na sección terceira do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

OITAVA.- Causas de resolución.

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado. Así mesmo poderá resolverse por denuncia unilateral de calquera das partes, previa comunicación á outra con un (1) mes de antelación, cando concorran algunha das seguintes causas:

- a) Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- b) Acordo expreso de ambas as dúas partes.
- c) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- d) Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.

Así mesmo, son causas de resolución do convenio as enumeradas no número 2 do artigo 51 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

NOVENA.-Desenvolvemento e modificación.

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento e modificación través das correspondentes addendas ao mesmo.

Ao abeiro do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMA.- Propiedade intelectual e comunicación.

A titularidade da documentación xerada no presente convenio, así como todas as actuacións que resulten precisas levar a cabo na execución do mesmo (explotación, reprodución, distribución, comunicación pública, etc.) será compartida entre FEUGA e a Axencia Galega de Innovación. Así mesmo poderá ser utilizada pola Xunta de Galicia a través de calquera outro departamento, sempre coa finalidade de actuacións similares ao obxecto do referido convenio.

Non se permitirá ningún outro uso ou explotación que non estea relacionada coas actividades levadas a cabo por este convenio.

FEUGA e a Axencia Galega de Innovación xestionarán de mutuo acordo a comunicación pública e difusión das iniciativas desenvolvidas no marco deste convenio, coordinándose tamén, no seu caso, co resto do axentes do ecosistema que participen nelas.

Así mesmo, todos os soportes de información ou difusión teñen que incluír, nun lugar visible, os logotipos de FEUGA ou da Axencia Galega de Innovación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Alteración das actuacións

Aceptaranse modificacións nos custos individuais de cada unha das accións do convenio que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 20% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos.

A petición de FEUGA e, previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar variacións superiores ao 20% entre os importes asignados a cada un dos conceptos do orzamento do convenio (anexo II), sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do gasto total e leven consigo unha mellora nas actuacións e resultados do programa establecido.

Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas nos parágrafos anteriores, deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- Deber de segredo e confidencialidade.

As partes asinantes comprométense a non utilizar nin revelar, mantendo en segredo, todos os datos que puideran obter en virtude da execución do presente convenio e, en particular, toda a información relativa ás actuacións a desenvolver, facéndose extensiva esta obriga a todas as entidades ou empresas públicas que interveñan en nome das partes.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de firma deste documento.

As partes cédense mutuamente a información, coa condición de facer un uso responsable de acordo ás finalidades das diferentes entidades asinantes, e por iso conveñen manter absoluta confidencialidade, tal e como o establecen os termos desta cláusula, sobre as discusións mantidas e a información intercambiada, xa sexa oralmente ou por calquera outro medio, en relación co obxecto deste convenio ("Información confidencial"). Esta obriga de confidencialidade non será executable entre as dúas partes cando as mesmas acorden algo en contrario por escrito, ou cando a revelación da devandita información ou conversación sexa requirida por Lei.

Cada parte que reciba "información confidencial" ("Parte receptora") da outra parte ("Parte reveladora") recoñece a súa natureza confidencial e a exclusiva propiedade da "Parte reveladora" sobre a "Información confidencial" recibida en calquera

momento, e comprométese a manter a confidencialidade deste acordo baixo a presente Sección, así como a non levar a cabo, ou a deixar de levar a cabo, calquera acción contida na presente Sección.

Cada parte receptora acorda que a Información confidencial será utilizada exclusivamente para os obxectivos do presente convenio e manterán a dita información confidencial.

Cada parte receptora poderá revelar información confidencial na medida do necesario e en conexión co obxecto deste convenio, informando da natureza confidencial da información.

A petición da parte reveladora, a parte receptora devolverá ou destruirá de inmediato toda a información confidencial tanxible sen que a Parte receptora reteña ningunha copia, extractos ou calquera outra reprodución total ou parcial dese material tanxible.

No caso de que a parte receptora ou calquera outra persoa á que se dera Información confidencial recibira a petición de revelar calquera ou toda a información, baixo unha citación, decreto, obriga civil ou proceso similar emitido por un tribunal competente ou órgano administrativo, a Parte receptora comprométese a (I) notificar inmediatamente á parte reveladora da existencia, termos e natureza da petición, (II) a consultar á parte reveladora a conveniencia de utilizar as accións legais dispoñibles para opoñerse ou limitar a dita petición e (III) se fose necesario, a revelar a información que, tras unha recomendación escrita dos representantes da parte receptora, fose legalmente necesaria ou conveniente baixo as circunstancias que se determinen nese momento.

As obrigas desta cláusula non supoñen ningunha restrición ás partes de cara a poder cumprir coas obrigas legais ou mandatos de calquera tribunal ou entidade gobernamental.

Cada parte deberá obter o consentimento da outra parte antes de calquera publicación, presentación, anuncio público, ou comunicado de prensa concernente á súa relación.

Non se inclúe no concepto de confidencialidade a información que fose de dominio público con anterioridade ao momento da celebración do presente convenio, ou que pase a selo con posterioridade ao mesmo, nin aquela que fora obxecto de autorización previa e expresa por escrito entre as partes.

DÉCIMO CUARTA.- Control

A execución deste convenio queda suxeita á función interventora e de control financeiro exercidas pola Intervención xeral da Comunidade Autónoma nos termos establecidos no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214 de 05 de novembro de 1999) e á súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, a execución do convenio estará suxeita ás actuacións de comprobación previstas na lexislación reguladora do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- Natureza xurídica e resolución de conflitos.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráse polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento administrativo común.

De acordo co artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao Ordenamento Xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do *Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014*, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.

As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoa á comisión de seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á Xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

DÉCIMO SEXTA.- Autorizacións

FEUGA consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a Axencia Galega de Innovación, situada na rúa Airas Nunes s/n, (Conxo) 15781 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á publicación do convenio na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, así como á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á Axencia Galega de Innovación para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta pola Axencia Galega de Innovación non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta pola Axencia Galega de Innovación, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

O conselleiro de Educación,
Ciencia, Universidades e
Formación Profesional

Román Rodríguez González

O director xeral de FEUGA

Francisco J. Pereiro Pérez

ANEXO I:

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DE FEUGA

FEUGA deberá presentar, para o pago das cantidades previstas na cláusula cuarta deste convenio, a seguinte documentación:

- NIF da entidade.
- Certificado bancario de titularidade.
- Factura (ou facturas), por cada período, acompañadas dunha memoria na que se recolla unha descrición sobre o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, os distintos conceptos de gasto, e os diferentes importes.

A facturación realizarase por trimestres vencidos (xaneiro a marzo, abril a xuño, xullo a setembro e outubro a decembro); sendo necesario que a presentación das correspondentes facturas, así como da restante documentación que debe acompañalas, teña lugar dentro dos dez primeiros días do mes seguinte.

Con relación á facturación do último trimestre de cada unha das anualidades, a factura e restante documentación deberá ser presentada, como máximo, o 20 de decembro.

Na anualidade 2027 poderán incluírse os gastos soportados e pagados dende o 21 de decembro da anualidade inmediatamente anterior.

ANEXO II

ORZAMENTO DESAGREGADO ESTIMATIVAMENTE POR TIPO DE GASTO

Os custos recollidos no convenio desagregáanse nos importes seguintes:

Tipoloxía actuación	Tipoloxía de gasto/ gastos subvencionables	2026	2027
Programa Oportunius	Gastos de persoal	132.471 €	137.769 €
	Gastos asociados a actividades	463.793 €	463.793 €
	Outros	48.209 €	49.004 €
Promoción e colaboración internacionais	Gastos de persoal	88.657 €	92.203 €
	Gastos asociados a actividades	151.250 €	151.250 €
	Outros	30.545 €	31.076 €
Total		914.925 €	925.095 €
Total convenio		1.840.020 €	